

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE CASTRO DE REI DAS BEIRARRÚAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS A ELAS (CUNETAS, FRANXAS DE XARDÍN E VARANDAS) E DA SUPERFICIE DE DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV) CORRESPONDENTE A UN TREITO DA LU-113

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Francisco Javier Balado Teijeiro, na súa condición de alcalde do Concello de Castro de Rei, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Castro de Rei solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a cesión da titularidade das beirarrúas, zonas destinadas a xardín e varandas de protección do treito da estrada autonómica LU-113, comprendido entre o p.q. 3+810 e o p.q. 6+040.

A transferencia de titularidade restrínxese ao tramo urbano da estrada LU-113 correspondente ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, é dicir do p.q. 4+560 ao p.q. 6+040, onde o terreo, en ambas as dúas marxes da estrada, está clasificado como solo urbano polo instrumento de planeamento vixente no concello. Neste treito, o espazo da zona de dominio público que se transfire e os elementos que se inclúen teñen unha funcionalidade esencialmente municipal e a súa cesión favorece as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios.

Mediante o Decreto 57/2025, do 7 de xullo, (DOG núm.134 do 15 de xullo de 2025), a



Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Castro de Rei das beirarrúas e dos elementos asociados a elas (cunetas, franxas de xardín e varandas) e da superficie de dominio público viario (DPV) correspondente, do treito da estrada LU-113 desde o p.q. 4+560 ao 6+040.

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 57/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Castro de Rei das beirarrúas e elementos asociados a elas (cunetas, franxas de xardín e varandas) do seguinte treito da LU-113 da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto coa superficie de dominio público viario correspondente:

Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)
Beirarrúas nas marxes da LU-113 e elemento asociados (cunetas, franxas de xardín e varandas) e superficie de DPV correspondente	p.q. 4+560 da LU-113	x = 622.719 y = 4.777.106	p.q. 6+040 da LU-113	x = 622.818 y = 4.778.497


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.


A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017), o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello de Castro de Rei, Francisco Javier Balado Teijeiro

ANEXO I . PLANOS









As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: ygsIDDxUYT20 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

